



ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE
ENSINO, INFANCIA E MOCIDADE

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: ENSINO, INFANCIA E MOCIDADE

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 25/04/2017

Hora: 20:25

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) Raquel Bolaño Fariñas, concelleira de Educación e Xuventude,
- 3) Xosé Fernando Fariña, secretario da Alcaldía do Concello de Sada,
- 4) Fernando Ucha Bellón, en representación da asociación Fundación Morillo Trinidad,
- 5) Ramón Ferreño Mariño, en representación de VIVAC – Asociación Galega de Apoio ao Escultismo,
- 6) Maite Rodríguez Rodríguez, en representación de VIVAC – Asociación Galega de Apoio ao Escultismo,
- 7) Manuel Fernández Míguez, en representación de VIVAC – Asociación Galega de Apoio ao Escultismo,
- 8) María José García Freire, en representación da ANPA do IES Mosteirón,
- 9) Francisco José Pazos González, en representación da ANPA Quintán do CEIP Pedro Barrié de la Maza,
- 10) Ricardo Boga Prado, en representación da ANPA Quintán do CEIP Pedro Barrié de la Maza,
- 11) M^a Cristina Veiga García, a título individual,
- 12) Cristina Justo Suárez, do grupo político Sadamaioría, que se suma á reunión unha vez esta xa foi iniciada,
- 13) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretario**:

Ismael Blanco Bouza, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.



Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.
3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.

4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:
 - 4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.
 - 4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.
 - 4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.
5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.
7. Varios.
8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión
9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.
- Dáse a coñecer que a persoa que asumirá as funcións de secretaria deste Consello será: Xosé Fernando Fariña, secretario da alcaldía de Sada.



- Abórdase a denominación do Consello, sendo o nome proposto inicialmente, “Consello Sectorial de Ensino, Infancia e Mocidade”, o consensuado.
- Acórdase que as funcións e temáticas concretas a tratar por este Consello queden abertas a posibles ampliacións futuras.
- En relación á mocidade, tema a tratar no marco deste Consello, opínase de forma unánime que debера fomentarse a consolidación dun Consello propio de mocidade a medio prazo, do cal formaran parte, fundamentalmente persoas mozas.
- Con respecto á convocatoria e prazos temporais das reunións, establécese que este Consello se reunirá de maneira ordinaria, 3 veces ao ano, procurando realizar ditas reunións nos meses de xuño, outubro e febreiro. Esta decisión fundaméntase en procurar que coincidan estas reunións con datas significativas do calendario escolar: inicio, medio e fin de curso.
- Con respecto á comunicación interna, é dicir, entre as persoas e entidades que forman parte deste Consello, acórdase empregar o correo electrónico como forma principal de contacto.
- Con respecto á comunicación externa, é dicir, dar a coñecer o que se vai abordar e o tratado nas correspondentes reunións, considérase empregar as canles oficiais do Concello que sexan precisas en cada caso, fundamentalmente a páxina web municipal.
- Todas as persoas presentes manifestan o seu interese ou da asociación á cal representan, de integrarse neste Consello, agás a ANPA do IES Mosteirón sobre a cal María José García Freire manifesta que corresponde á Xunta Directiva entrante acordar esta decisión. Queda constituído o Consello Sectorial de Ensino, Infancia e Mocidade de Sada coas persoas que o integran, estando aberta a posibilidade de novas incorporacións.

Da 2ª parte:

Plantéxanse as seguintes cuestións e temas a tratar na seguinte reunión:

1. Realización dunha diagnose interna que sirva como punta de partida para coñecer máis en profundidade catro aspectos concretos:
 - Cal é a oferta das entidades de Sada en relación á temática deste Consello.
 - Cales son as demandas e necesidades que estas entidades precisan e formulan ao Concello.
 - Cales son as necesidades e demandas da Administración municipal cara ás entidades.
 - Cal é a oferta do Concello en relación a temática deste Consello.
2. Dinamización e adaptación de equipamentos municipais para a xuventude e a infancia: horarios da piscina, biblioteca e espazos para o estudo, etc.
3. Dotación/Creación dun local exclusivo para a mocidade local (con contido e servizos dirixidos a este público, e demandado por el mesmo).



4. Activación do Consello Escolar Municipal.
5. Diagnose e programación de actividade para a mocidade, que fomenta a actividade deportiva e o ocio saudable, mediante o emprego de ferramentas de participación xuvenil.
6. Abordar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, actitudes sexistas na mocidade, acoso escolar, comportamentos e condutas de adicción, por exemplo, ás novas tecnoloxías.
7. Conciliación da vida persoal, familiar e profesional das familias.

Debido o volume de temas a tratar, acórdase dar prioridade na orde do día da seguinte reunión aos puntos 1, 3 e 4. Os restantes temas serán tratados nas seguintes reunións se nesta non fora posible por razón de tempo.

Data, hora e lugar da próxima reunión: Mércores, 7/06/2017, ás 20:00h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 22:40h. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.



ANEXO Á ACTA DE CONSTITUCIÓN:

Tamara Rubiños Varela, en representación Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do desenvolvemento do proceso de creación dos Consellos Sectoriais de Sada,

EXPÓN:

Que con data 28 de abril de 2017, Mario Posse López MANIFESTOU o interese da "ANPA As Mariñas" en integrarse no Consello Sectorial de Deportes de Sada.

En Sada, a 23 de maio de 2017.